

As aras do santuario galaico- romano de Donón (Hío-Cangas)

Fermín **Bouza Brey**
Xosé María **Álvarez Blázquez**
Enrique **Massó Bolibar**

Orixinal en castelán: "Las Aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas)". Cuadernos de Estudios Gallegos XXVI. 1971, pp 201-250.

DESCRIPCIÓN XEOGRÁFICA

No extremo occidental da península de Morrazo, situada entre as rías de Vigo e de Pontevedra, esténdese a pintoresca parroquia de Hío, de 2.257 habitantes (1936), pertencente ao municipio de Cangas do Morrazo e distante 6 Km. da capital do Concello. Esta é, sen dúbida, a máis mariñeira de todas as parroquias pontevedresas, pois intérmase no mar aberto polo O. coa rectilínea e longa costa de Soavela, e limita ao N. e S. coas rías de Aldán e Vigo respectivamente, formando un triángulo peninsular con pequeno istmo ao E., que a separa das parroquias de Aldán e Darbo (Cangas).

O terreo é moi accidentado, con numerosas formacións graníticas e alturas que chegan aos 241 m., e innumerables praias e areas, moitas con bo fondeadoiro. Imos destacar, como relevo orográfico que nos interesa, a Serra de Donón, con 6,5 kms. de lonxitude, orientada de N. a S. dende a Punta de Couso ata o Cabo de Home e que ten no seu punto medio o monte do Facho, de 184 metros de altura, cortado a tallo sobre o océano.

Este monte do Facho ten no seu cumio, na parte S. da coroa, unha antiga garita circular de 4,80 m. de diámetro exterior e dous aparellos rematados por cornixa e sólida e curiosa cúpula de pedra (véxase a

marca núm. 4 do mapa adxunto). Segundo Álvarez Limeses, no tomo correspondente á provincia de Pontevedra, da *Xeografía do Reino de Galicia* (Barcelona, 1936), "...para defenderse daquelas incursións [dos piratas] e avisarse da presenza do inimigo, existían vixías no alto dos montes de Udra e Candea, en Beluso; a Esculca, en Cela, e o Liboreiro en Bueu, que por medio de sinais se comunicaban co monte. Facho e a punta de Donón, en Hío" (páx. 268), e como dende o monte Facho domínase en soberbia panorámica as illas Cíes e boca norte da ría de Vigo e as entradas ás rías de Pontevedra e Aldán, a existencia da citada garita parece ser de orixe estratéxica e militar, segundo tradición oral, moi repetida.

O lugar de Donón, de 164 habitantes (1936), está agrupado ao pé do Monte Facho, en dirección SE. con respecto a el, e a metros deste. Unha antiga calzada, de 2,5 m. de anchura e caixa de augas ben conservada, úneo ao citado monte pola súa aba E. e prolóngase despois ata Vilanova, en forma xa de camiño veciñal. Esta calzada, que puidería ser de orixe romana ou anterior, procede de Hío, que dista de Donón 3,5 km., e corta á actual estrada en cota de 115 m. e entre os km. 2 e 3. Tal calzada antiga foi durante séculos o único acceso; agora, dende 1950, existe unha estrada de terceira que facilita grandemente as comunicacións coa parroquia, distante só 1,5 Km. da estrada asfaltada Bueu-Aldán-Cangas.

ARQUEOLOXÍA LOCAL E HISTORIA DO DESCUBRIMENTO

Seguindo as prospeccións lingüísticas, folclóricas e arqueolóxicas, realizadas por un de nós (Massó) durante o mes de outubro de 1962 na parroquia de Hío, especialmente nos lugares de Vilanova e Igresario, exploráronse por este os veciños lugares de Nerga e Donón.


En Nerga, a 4 Km. de Donón, localízase un castro con moita tégula e cerámica castrexa, e un posible altar de sacrificios con pías e bancadas, situados ambos os dous monumentos no extremo oriental do areal de Barra, na parte superior dun pequeno outeiro chamado As Eiras. Posteriormente, no verán de 1963, foron descubertos polo expresado e don José María Massó catro lagares de salazón dis-

postos en bloque, fabricados con argamasa de tipo romano. Por último, no camiño que de Nerga conduce ás Eiras, recolleron ambos os dous cinco pezas paleolíticas, de cuarcita, e outras seis na praia de Melide.

A primeiros do mes de Novembro de mesmo ano de 1962, deron comezo as investigacións en Donón e recoñeceuse a existencia dun castro no monte Facho, evidenciado pola abundante cerámica castrexa e restos de muralla e edificacións, que ocupan a coroa duns 90 m. de lonxitude e toda a aba E. comprendida entre a coroa e a calzada, ademais dun concheiro situado a 80 m. ao N. da garita e ao pé dos restos de muralla que corre de N. a S. Ademais atopou unha columna de 30 cm. de altura, e durante os días 18-X e 31-X-1964, en excursión efectuada con don José María Massó, localizaron dous petróglifos fronte ás Cortes, xunto á calzada e ao NE. do monte, e dúas pedras labradas con burato no extremo, e un sistema de bancadas en ángulo, sitas na aba E.

Tamén a primeiros de novembro Norberto Piñeiro, de sesenta e catro anos, veciño de Donón, comunicou que na aba E. do Facho vira *“muitas pedras que tiñan uns debuxos coma portiñas e cruzamentos e algunhas tiñan como letras desfeitas”*, confesando con pesar que *“unha que era coma unha igrexiña, sen letras, pero con dúas piracoliñas aos lados está enterrada nos cimentos da miña casa”*. Segundo despois dixo o mesmo Norberto, esta ara era semellante á descuberta máis tarde que tiña, ademais, catro *focus*, e ao facer a obra na súa casa o ano 1961 foi incluída na cimentación.

Poucos días máis tarde, despois de catro horas de investigación oral, soubo por medio de Serafín Costas, de sesenta anos, labrador acomodado, do mesmo lugar, que trouxera, a mediados do ano 1961, *“unha pedra cunha cruz”* para incluíla no muro dun pozo próximo á súa casa, pero non a usara por parecerlle a el e ao seu sobriño *“moi bonitiña”*. Recoñecida oportunamente, resultou ser a parte superior dunha ara romana. Esta procedía do lado dunha canteira pequena situada no interior dunha tomada propiedade do mesmo veciño e de Norberto Piñeiro, Manuel Gutiérrez Lemos, Manuel Otero, Antonio García e outros máis. Esta tomada está situada na aba E. do Facho, e comprendida entre a cota 120 e a calzada e a uns 130 m. da garita



citada, e ten no seu interior numerosos grupos de pedras pequenas erosionadas que parecen procedentes de edificacións de tipo castrexo.

A continuación, un sistemático labor de divulgación e estímulo entre os veciños deu como resultado que ata o 15-XI-1962 aparecesen outros catro fragmentos de aras: coa inscrición RROB/REO/ARA; a de catro *focus*; unha cabeza de ara con catro aspas frontais e dous en cada lateral, e outra cabeza de ara con cornetes cilíndricos, dobre cornixiña e orificio cadrado central, dividido por barra vertical. Todas estas aras foron localizadas por José Fernández Piñeiro, de vinte e un anos, neto de Norberto Piñeiro, formando parte na súa maioría do muro superior da citada tomada, a 120 de cota (véxase núm. 1 no mapa).

A finais do mes de novembro, en excursión efectuada por un dos asinantes (Massó) en compañía de don Pedro Díaz, distinguido arqueólogo, despois de explorar metódicamente o muro superior da dita tomada, limpándoo da abundante maleza que o recubría, tívose a fortuna de identificar outras tres aras: unha ara completa composta de dous fragmentos; un fragmento de ara con inscrición BIBER/OBRE/OAR, e unha cabeza de ara con tripla cornixiña e burato central rectangular e liso, no seu lenzo frontal.

As oito aras anteditas, despois dun previo exame efectuado polo Administrador do Museo de Castrelos, don Angel Ibarri, e polo vocal deste, outro dos asinantes (Álvarez Blázquez), foron recollidas e depositada no citado Museo a mediados do mes de decembro de 1962, por libre doazón dos referidos veciños de Donón.

Despois de numerosas prospeccións efectuadas, sen resultado inmediato, José Fernández Piñeiro, convenientemente adoutrinado, localizou a finais do mes de maio de 1963 unha gran cabeza de ara, a maior de todas as achadas, coa inscrición parcial de DEO/LAR. Esta estaba na parte superior da aba NE., coñecida co nome do Namorado (véxase núm. 2 do mapa), a uns 20 m. da garita. Nas mesmas datas e nas proximidades do muro da tomada antedito, o mesmo José Fernández atopou outra cabeza de ara, de pequeno tamaño.

Durante o mes de setembro do mesmo ano, o mesmo veciño atopou un pé de ara co fragmento epigráfico O/ASA. Tamén poucos días despois, tivemos coñecemento (Massó) de que o veciño de Donón, Antonio Coya, atopara había bastante tempo, enterrada na area, “unha

pedra con debuxos” e puxéraa como marco da súa parcela de viñas sita en A Curuxana, a uns 80 m. da calzada de Hio a Donón, e a uns 700 m. deste pobo (véxase o núm. 3 do mapa). Esta pedra foi identificada por nós como unha ara completa, co campo epigráfico picado, ao parecer, e sen rastro de letras; presenta características diferentes ao resto das aras. Estas catro últimas aras foron depositadas no Museo de Castrelos o 10 de setembro de 1964.

O 10 de outubro de 1964, en excursión efectuada por un de nós (Massó), en compañía do Dr. García Bellido, Dr. Filgueira Valverde, Dr. Isidoro Millán González-Pardo, don Alfredo García Alén e don José María Massó, identificouse unha cabeza de ara cos cornetes rotos, depositada na casa de Norberto Piñeiro polo seu neto José Fernández Piñeiro, que a atopara servindo de marco no terreo propiedade de Manuel Gutiérrez Lemos, sita no interior da referida tomada, e en cota de 105 m., segundo puidemos comprobar máis tarde. Esta ara foi depositada no Museo de Castrelos en data 31-X-1964.

Por último, o sábado 24 de outubro do mesmo ano, despois de detida inspección, localízase (Massó), introducida transversalmente máis de 20 cms. no aparello interior da garita, á esquerda e a 1 m. da porta e 10 cm. do chan, a cara superior dunha suposta ara de pequeno tamaño, de forma cadrada de 16 cms., cun resalte central tamén cadrado, de 8 cms. de ancho e relevo de 1 a 0,5 cm., o cal presenta no seu centro un *focus* redondo de 3 cm. de circunferencia e un comete de 4 cm. de ancho a cada lado, separados por sucos da parte central. O pequeno tamaño desta suposta ara, e a imposibilidade de efectuar exames laterais debido á súa posición, fai que manteñamos algunhas dúbidas sobre ela.

É de notar que ningunha destas 14 ou 15 aras referidas foron atopadas *in situ*, nin proceden de escavacións arqueolóxicas, senón de prospeccións realizadas de *visu* ou por simple investigación de fontes orais. Polo tanto, é de esperar que, caso de realizarse escavacións científicas, aparezan máis neste lugar, así como outros elementos arquitectónicos, pois coas aras foi achada unha pedra de granito labrada, con certas liñas curvas paralelas que indubidablemente pertence a algunha edificación importante e, polo menos, existe esa outra pequena ara sen descubrir á que aludimos.

RELATOS FOLCLÓRICOS

É tradición no lugar que o poboamento primitivo estivo situado máis abaixo, ao E. do río de Donón no areal entre A Curuxana e o mar, o cal é prolongación interior da extensa praia de Barra, pois as áreas desta, impulsadas polo vento e os temporais, cobren toda a zona en case 1,5 Km. de anchura. Así, o sábado día 21-IX-1963, recollemos de labios de Josefa Fernández Costas, neta de Tomás Costas, de Donón, que o seu avó *“tiña uns papeis de auditorio, que falaban das veigas, terras e foros que se pagaban por propiedades que había ante o mallente do mar (zona afectada polas mareas) e A Curuxana, e pedían [os veciños] que lles fora sacada contribución, porque en tempos de Margarita de Austria (esposa de Felipe III dende 1598 a 1611) en España, foron inundados por unha inundación de area que houbo e que se hoxe se sacase a area se poderían explotar outra vez esas veigas”*. O citado Tomás Costas falaba da *“cidade de Troia que estaba no mallente do mar, e que foi enterrada hai moitos anos”*.

O mesmo día recollemos de labios dunhas mulleres de Hío, con terreos do areal de Barra, que *“algún tempo nas áreas de Barra estaba a Vila de Troia que despois foi anegada por castigo. Tiña unha señora moi guapa que era a principal, e un día dunha festa moi grande, empezou a bailar, e a cada baile tirábase unha roupa ou saia, ata que no sétimo ficou espida de todo, entón foi anegada a Vila en castigo, e desapareceu”*. Tamén nos contou un mariñeiro que, ás veces, as redes se lle prendían no campanario mergullado da igrexa de Troia no actual fondeadoiro do extremo O. de Barra fronte ao río de Donón. Esta última lenda é tamén común na baía de Cangas e nas marismas de Canido (Vigo), e pertence ao grupo narrativo popular das cidades asolagadas, abundante en Galicia. Na Curuxana, e na Caranguexa, a pouca distancia daquela, atopamos cerámica romana e castrexa, que xunto con referencias a restos arqueolóxicos en Tombo da Area, tamén próximo, veñen a confirmar a existencia de poboación primitiva nas proximidades do lugar de achado da Curuxana (véxase o num. 3 do mapa).

Norberto Piñeiro, de Donón, confirmounos as devanditas noticias dicíndonos que era corrente, entre os vellos da vila, dicir que o poboamento primitivo estivera no areal, no lugar chamado aínda hoxe A Vila, sen casas e cuberto pola area; e que despois, pola inundación,



Aspectos da vía antiga que pasa ao pé do castro chamado Monte do Facho onde apareceron as aras.

pasara ao monte Facho, onde o actual castro, e por último, motivado pola comodidade da auga, á súa actual localización, a metade de camiño entre os dous anteriores.

DESCRICIÓN DAS ARAS

Tras os prolixos antecedentes que cremos de interese consignar, tanto pola importancia do lugar ocupado na antigüidade por un santuario céltico-romano como por aforrar repetir tales particulares ao pé da papeleta de cada peza, procederemos á catalogación destas, describindo tanto os monumentos completos como os seus fragmentos, sexan ou non epigráficos (*vide fotografías*).

Antes diso, non obstante, faremos algunhas advertencias.

Primeiramente temos de proclamar a rusticidade dos epígrafes, que dificulta a súa lectura aumentada esta dificultade non só polo granito groso en que están traballados, senón tamén pola fragmentación que todas menos unha das aras sufriron, danando isto considerablemente aos epígrafes.

Despois temos de subliñar, téndoo sempre presente, que as aras difiren formalmente e en contido epigráfico segundo o punto do seu



Garita levantada no cumio do castro onde apareceron as aras.

respectivo achado. Así as da Tomada do Facho presentan un contexto análogo, referido á mesma deidade e oferente; a cabeza de ara achada no Namorado, a 110 metros de distancia e en cota moi superior, xa difire en ser de maior tamaño nas letras primeiras do teónimo; e, en fin, a ara enteira pero anepígrafa da Curuxana, ademais de ter estrutura diferente do resto, presenta o feito de que o seu campo epigráfico está picado intencionalmente, ao que parece, ou polo menos a súa superficie está sen rematar.

Engadiremos que tal esmiuzamento das aras cremos que obedece a rotura sistemática debido a un acto relativamente moderno de despaxización, ou talvez destruídas ao tempo de edificar a garita¹.

Velaquí os citados monumentos:

(1) Non achamos inconveniente en considerar como inéditos os epígrafes que nos ocupan, toda vez que só foron obxecto dunha noticia debida ao distinguido escritor e investigador don Pedro Díaz, que deu conta do achado no seu artigo: "Un santuario galaico-romano", publicado no diario *Faro de Vigo*, do martes 23 de xullo de 1963.

DEOL/IBER/OBRE/OPOS(uit)/V(otum)
L(ibens) M(erito) con hederá final ou M(erit)O.

1. O *L*, moi dubidoso, semella tamén un *LL* ou unha sílaba *IL*.

4. O *P*, que a primeira vista cremos era un *R*, témolo como certa toda vez que o trazo inferior que se divisa, persuadímonos de que corresponde a un golpe sufrido pola pedra, e a lectura BRE-OROS non é posible aceptala por aparecer o nome do dedicante BREO sen tal engadido na ara num. II.

5. O *M* é dubidoso e a letra final parece un *Z* ou un *O* ou unha *hedera*, pois leva apéndice e é romboidal.



Ara de granito ruda que se achou partida entre as liñas segunda e terceira sen que a rotura afecte ás letras. Presenta un *focus* entre dous rolos decorados cun punto central. Segue na fronte unha liña curva cos extremos cara a arriba (¿crecente?) enriba de tres arcadas á súa vez sobre cornixa que enmarca o epígrafe. Alto, 90 centímetros; ancho máximo, 30; grosor, 19. As letras oscilan entre 0,08 que miden os *BB* e 0,03 que miden os *OO*.

O apelativo *Liber* da deidade permítenos identificar a esta con *Baco*, cuxo sobrenome foille dado ben polas liberdades a que o viño dá lugar, ben por ser liberadora de pobos. Claro é que baixo este nome romano haberá de ocultarse algunha divindade indíxena asimilada a aquel. Respecto ao dedicante *Breo* é curioso comparalo na súa raíz co acaso mítico Breogán, conquistador de Irlanda dende a vella terra de Galicia, segundo as tradicións daquel país. *Baco* baixo nome de LIBER PATER aparece en ara de Sanxurxo (Barco de Valdeorras). Máis adiante faremos algunhas consideracións sobre estes extremos.

Ara num. I
(Inédita)

DEOL
IBER
OBRE
OPOS
5 VLMQ



| | |
|--|--|
| <p>Ara num. II <i>(Inédita)</i></p> <p>...</p> <p>...</p> <p>RROB</p> <p>REO</p> <p>5 ARA</p> <p>....</p>  | <p>[IDEO L]/[IBER]/RROB/REO/ARA/[S POS(uit)].</p> <p>3. O primeiro R pódese tomar tamén por un B, pero crémolo produto de distracción do <i>quadatarius</i> reduplicando o que no epígrafe anterior aparece R sinxelo ou colocando en lugar do E de LIBERO o primeiro R.</p> <p>6. Esta liña, ao igual que as 1 e 2, é hipotética.</p> <p>Anaco de ara de granito que conserva parte do rudo epígrafe. Falta a parte superior e a inferior. Alto máximo, 0,38; ancho superior, 0,27; ancho inferior, 0,23. As letras maiores son os RR, que alcanzan 0,08, e as menores; os OO, con 0,05. Parece tratarse da mesma deidade e o mesmo dedicante da ara anterior, salvando o erro da duplicación do R.</p> |
| <p>Ara num. III <i>(Inédita)</i></p> <p>...</p> <p>BIBER</p> <p>OBRE</p> <p>OARA</p> <p>5</p>  | <p>[IDEO]/BIBER/OBRE/O AR[A]/[P] (<i>osita</i>).</p> <p>1 É hipotética, por analogía coas dúas anteriores, especialmente a Num. 1.</p> <p>2. O B primeiro poderíase tamén ler R, e o R último é conxectural baseándose nas aras anteriores.</p> <p>3. O O moi borroso.</p> <p>4. O O visible só a metade. Do R só se divisa a parte superior. Ao final conxectúrase por analogía coa anterior.</p> <p>5. Conxectural.</p> <p>Parte central dunha ara de granito que contén soamente tres liñas do epígrafe con letras moi deterioradas e incompletas. Alto máximo, 0,30; ancho máximo, 0,24; grosor, 0,135. A maior das letras, que é o R da segunda liña conservada, mide 0,07; o E que lle segue 0,06 e as outras pouco menos.</p> <p>Parece estar dedicado o monumento á mesma deidade anterior e polo mesmo dedicante.</p> |

Non obstante, presentar o problema do *B* ou *R* inicial do deus en lugar da *L*. Este tropezado da letra inicial polo canteiro gravador témolo tamén na ara Num. 1, cuxo signo é irrecoñecible, como se houbera algunha dificultade por parte deste a entender ou transcribir o son da *L*; mais toda vez vimos que o gravador se equivocou evidentemente no epígrafe Num. II ao colocar un *R* en lugar dun *E*, decidímonos por considerar novo erro daquel a colocación de *B* ou *R* en lugar de *L*.

DEO/L (ibero) A R [AS posuit ?].

2. O *L* é lexible e podería ser sigla da deidade *Liber* coñecida polas outras aras. O que parece un *A* áchase cortado. Do *R* apenas se deixa ver o trazo curvo do súa metade superior, polo que tamén se podería interpretar como un *B*. Podería tratarse doutra deidade diferente de *Liber*.

3, 4 y 5. Supoñemos a existencia destas liñas desaparecidas por rotura, nas que constaría o nome do dedicante, que ignoramos, e as siglas da dedicación.

Parte superior dunha ara de granito rota, con case dous terzos perdidos, conservando a consignada porción de epígrafe. Ten na parte superior un *focus* entre dous rolos decorados diante cun punto central. Máis abaixo dúas franxas decoradas con raias en aspa tanto no *frontis* como nos laterais e unhas borrosas liñas en ángulo, respectivamente, sobre un bocel. Altura máxima, 0,58; ancho máximo, 0,29; grosor, 0,25. As letras en tan escasa cantidade conservadas foron tan descoñecidas na súa factura, que mentres o *E* de *DEO* mide 7 centímetros o *O* inmediato mide tan só 4 ? .

**Ara num. IV
(Inédita)**

DEO

LAR

...

...

5 ...



**Ara num. V
(Inédita)**

...
...O
ASA
.. O/ASA,



1. Non sabemos o número de liñas de que constaba o epígrafe, pero serían polo menos tres.

2. O O lixeiramente incompleto na parte superior pola rotura da ara, de sorte que, pola súa forma non perfectamente circular senón recta, en parte puidese ser a parte inferior dun B.

3. O A e o S son claras. Seguen liñas que interpretamos como A, pero non é clara esta letra, a cal vai seguida dunhas liñas que se cortan e que quizais queren ser un enlace para significar ARAS; pero é moi confuso, e ata semella un enlace de A e X.

Trátase da parte inferior dunha ara moi mutilada da que só se conserva a pequena porción de epígrafe transcrito e a parte da pedra granítica sen desbastar para ser enterrada. Imposible sospeitar a deidade nin o dedicante que constaban nela. Alto, 0,50; ancho máximo, 0,27; grosor, 0,17. As letras, de grafía moi descoidada, presentan tales desigualdades en tan pequena parte do campo epigráfico como é o conservado que, mentres o O só ten 4 centímetros, o S ten 7.

Num. VI (Inédita)



Ara de granito da que só se conserva a parte superior e da cal se perdeu totalmente o campo epigráfico e a súa porción inferior. O fragmento está coroadado por un *focus* e adornado na súa parte dianteira por unha moldura baixo a que aparecen dous pequenos arcos e por debaixo destes outro maior alzado sobre cornixa tras a que viría o epígrafe. Lateralmente está decorada a ara con dúas liñas en aspa. Mide: Alto, 0,48; ancho, 0,215; grosor, 0,155.

Cabeza de ara granítica cun *focus* entre dous rolos. Presenta como decorado na súa parte dianteira dúas liñas paralelas baixo as que se sitúan dúas pequenas fornelas rectangulares colocadas verticalmente e varias liñas quebradas que as encadran. Falta totalmente o campo epigráfico e a parte inferior para enterrar. Mide: Alto, 0,32; ancho, 0,26; groso, 0,14.

Num. VII (Inédita)



Cabeza de ara de granito, provista dun *focus*. Adórnase con tres liñas paralelas e baixo elas un campo rectangular rebaixado no granito en que está traballada a peza. Mide: Alto, 0,45; ancho, 0,27; groso, 0,16.

Num. VIII (Inédita)



Cabeza de ara de granito con *focus* entre dous rolos, decorada cunha depresión como fornela e dúas liñas paralelas, e baixo elas, nas distintas caras, senllos espazos cadrados recheos con dúas raias en aspa. Mide: Alto, 0,44; ancho, 0,22; groso, 0,20.

Num. IX (Inédita)



Cabeza de ara de granito única entre as aras aparecidas por canto ostenta catro *focus* na súa parte superior, mentres as demais soamente mostran un. É de advertir que un de tales receptáculos de ofrendas de lume está moi deteriorado. Na fronte está decorada esta porción de ara cunha escavación case circular e dous pequenos ocos rectangulares debaixo asentados sobre dous xunquillos. Mide: Alto máximo, 0,58; ancho máximo, 0,29; groso, 0,17.

Num. X (Inédita)



| | |
|-----------------------------------|--|
| <p>Num. XI (Inédita)</p> | <p>Cabeza de ara de granito, cun <i>focus</i> entre dous rolos provistos dun punto central na parte circular que dá á fronte da peza. Decórase esta con dúas franxas paralelas en torno que levan adornos lineais en aspa. Mide: Alto, 0,46; ancho, 0,18; groso, 0,18.</p> |
| <p>Num. XII (Inédita)</p> | <p>Ara completa de granito aparecida na praia, como queda dito, en cuxo campo epigráfico se advirten restos da inscrición, pero non é posible lela por estar inacabada ou talvez picada. Conserva un <i>focus</i> e está decorada na súa cornixa con dous xunquillos unicamente, ao contrario do que acontece coas súas compañeiras, dotadas de variados adornos. Mide: Alto, 0,63; ancho, na cabeza 0,245 e no campo epigráfico 0,21.</p> |
| <p>Num. XIII (Inédita)</p> | <p>Cabeza de ara provista de <i>focus</i> entre dous rolos. É de granito como todas as desta colección e está decorada na súa fronte, no alto, con tres arcadas baixo as que corre un listel. En cada costado decorouse con dúas liñas, que se cortan en aspa. Mide o fragmento: Alto máximo, 0,35; ancho, 0,33; espesor, 0,16.</p> |
| <p>Num. XIV (Inédita)</p> | <p>Capitel tronco-cónico, de granito basto, cuarzo-so, con moldura en bocel por ábaco, cuxo capitel, xuntamente coa columna aludida ao comezo deste traballo, conservada no Museo Massó de Bueu, denota a existencia dun pequeno templo, acaso un simple edículo, no que se situarían aras e no que se rendía culto. Mide o capitel: Alto, 0,25; diámetro máximo, 0,24 e mínimo, 0,17.</p> |

Diremos finalmente que todas as pezas descritas ingresaron no Museo Municipal de Castrelos de Vigo. Formando o paramento interno da garita do castro de Donón. xa dixemos que se descubriu (Massó) unha ara incrustada da que se deixa ver un *focus* entre liñas paralelas cruzadas, sen que poida observarse se ten epígrafe.

ADORNOS E SÍMBOLOS DE ARAS

Nos monumentos que nos ocupan distínguense varios elementos decorativos, algún dos cales pode ter significado simbólico, pero os demais non son outra cousa que debuxos artísticos de evidente sinxeleza. Son os primeiros, os simbólicos, os constituídos por arcadas ou portas de medio punto que ostentan no seu *frontis* algunhas pezas e que se veñen interpretando polos arqueólogos como entradas funerarias polas cales penetran as almas ao mundo incógnito do máis alá, sen que poida esquecerse que nas devanditas portas tanto pode representarse tal pasadizo en sentido metafórico simplemente, como facerse coincidir coa súa imaxe a entrada real do sepulcro, como o ingreso figurado da vivenda do morto durante a súa estancia na terra. A estas portas simbólicas pode engadírselles a única posible representación lunar, formada pola liña curva que ostenta a primeira das aras, coas puntas do crecente cara a arriba. Nesta suposta figuración da Lúa superpóñense múltiples crenzas, entre elas a de ser este astro a mansión dos mortos. Respecto a Galicia, extractamos as explicacións máis comúns ao comentar os crecentes que adornan os ronseis aparecidos na necrópole romana viguesa, noutra ocasión.

Os adornos propiamente tales, carentes de simbolismo, están constituídos por liñas que se cortan en aspa cubrindo espazos amplos nas cornixas e nos costados dalgunhas aras; e, nalgún caso, tamén por liñas quebradas formando picos ou dentes de lobo, sen maior labor nin transcendencia artística, senón, pola contra, moi acorde á simplicidade de tales exornos coa rudeza dos signos epigráficos, se ben temos que anotar que as liñas en aspa se achan adornando (*croix en sautoir*) o pilar-cipo tricéfalo de Reims e o exvoto tricéfalo de Borgoña (?) de época galo-romana, polo menos o primeiro. E en Galicia adornan o ronsel de Troitosen de no Museo de Pontevedra.

LIBER EN GALICIA

Parece ser que a maior parte de aras de Donón foron levantadas en honra da deidade *LIBER*, por un mesmo dedicante varias delas. Non pode parecermos estraña esta circunstancia, pois na propia Galicia temos o caso das dúas aras que en Cuntis, da mesma provincia de Pontevedra, erixiu ás ninfas de aquelas augas salutíferas Caio Antonio Floro.

É sabido que *Líber*, antiga deidade rural itálica, protectora da vida vexetal e animal chegou a confundirse con *Bacchus*, deus do viño entre os romanos e herdeiros do *Dyonysos* grego. Nas inscricións aparece moitas veces chamado *Liber Pater*, nome baixo o que asumiu variadas funcións. Na Campania, terra dionisiaca por excelencia, profílgase nas vivendas a súa representación xuntamente coa de *Libera*, a súa irmá, á que considera a mitoloxía como protectora da fertilidade agraria, e fai de ámbalas dúas deidades da procreación. En Francia interpretáronse os achados dionisiacos efectuados nas inmediacións de San Bertrand de Cominges coa presenza de *Liber*, divindade doméstica, como asociado a un *Lar familiaris* ou como *Genius* protector dunha familia. Pola súa banda, *Libera* foi no panteón romano asimilada a *Proserpina*, filla de *Ceres*, deusa da Agricultura.

Na España romana rendeuse culto a *Bacchus* ou *Liber Pater*, do que dan idea non só os epígrafes recollidos por Hubner números 799, 1108, 2611, 2634 e 3.264 (C. I. L. H. *Inscrip. Hispaniae Latinae*), senón os repetidos achados de figuras do asno báquico e aínda as referencias de Estrabón e de Varrón sobre danzas orxiásticas o primeiro e sobre o nome de baccha que na Península se lle daba a un viño o segundo, sen esquecer a alusión a algún texto perdido que fai Plinio sobre o xogo chamado de *Baco* ou *Lysas* con que se celebraban as bacanais e de onde se supoñía viña, o nome de Lusitania.

Na Galicia histórica do Miño ao Douro non temos noticia de que se lle rendese culto, como único indicio dionisiaco na rexión miño-ta sinálase tan só a portada de bronce para servir de desaugadoiro a unha fonte, procedente da obra da estrada de Arcos de Valdevez a Monção representando unha bacante coroada do corimbus de follas e froitos de hedra e cabelos longos colgando das súas tempas.

O significado de *Liber* en Galicia sería o dunha deidade agrícola protectora dos bens familiares preferentemente, e talvez relacionada

coa introdución do cultivo da vide, data que no Midi francés se insinúa fose cara ao tempo de Domiciano. O certo é que no ámbito xeográfico da Galicia actual, *Líber*, ademais de no santuario de Donón, aparece como *Líber Pater* nunha ara que viu o P. Sobreira no altar maior da igrexa de Sanxurxo, sobre o Sil, en Barco de Valdeorras, a cal oímos que foi redescuberta no mesmo lugar, baixo o altar maior:

LIBERO PATRI

G VETIVS

FELICIO

Do culto a *Baco* temos tamén en Galicia o grupo escultórico romano de *Dionysios* ebrio sostido polo sátiro *Ampelos*, de mármore, achada en 1964 no castro de Muradella, preto de Verín, única estatua de tamaño relativamente grande aparecida en terra galega.

E interesa consignar que Donón, Viñó e Nerga, no extenso areal de Barra, dan hoxe o mellor viño da península de Morrazo, como sucede en Valdeorras e no val de Monterrei (Verín).

De todo iso parece deducirse que o culto a *Líber* non era demasiado escaso en Gallaecia e que neste deus pode que se ache escondida algunha deidade agraria galaica antiga cuxos atributos descoñecemos por non aparecer non xa representación plástica ningunha, senón símbolos ou alusións decorativas que puidesen ser interpretadas como referentes a tal divindade.

Pero non está fóra de lugar recordar que nun lugar do litoral galego, próximo ao santuario antigo ao que pertencían as aras de Donón, no cemiterio romano da actual cidade de Vigo, foi achada, formando parte dun conxunto epigráfico e plástico de grande interese, talla ronsel funeraria en relevo cunha escena na que se advirte unha figura feminina que, como dicíamos dous de nós (A. B. e B. B.) ao describila, “*porta sobre a cabeza unha cista de estreito pé, ancha boca e amplas asas, que cremos o vaso chamado Calathus e leva na man esquerda un grande acio*”, talvez ofrenda “*propia de cultos agrícolas de Grecia e Roma en relación cos deuses dos mortos e as divindades ctónicas Ceres e Tellus*”. Non parece lóxico pensar que en tal ofrenda se fixesen figurar produtos naturais como o froito da vide se esta non fose coñecida na rexión onde o acto fúnebre tiña lugar. E, en consecuencia, a busca de protección dunha deidade agraria para a planta non se faría esperar.